



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS CELEBRADA O 19-05-2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 13.00 horas do día 19 de maio de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, previa a súa convocatoria a Comisión Informativa de Asuntos Xerais e da Comisión Especial de Contas, cos seguintes asistentes:

### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

#### SRES.CONCELLEIROS

##### GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE

D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA

D. SALVADOR EIROA AMEIJENDA

D<sup>a</sup>. ANA PÉREZ IMIA

##### GRUPO MUNICIPAL PP:

D. JESÚS DANIEL GARCÍA COTELO

D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA CARRILLO AGUIAR

##### GRUPO MUNICIPAL APIN:

D. JOSÉ MANUEL POSE VERDES

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup>. ANTÍA PENA DORADO

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

Co quórum establecido polas disposicións vixentes, o alcalde declara aberta a sesión, para tratar e ditaminar os seguintes asuntos que compoñen o orde do día:

**1º.-Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da Comisión Especial de Contas e Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21-01-2020.**

Pola presidencia pregúntase se teñen algo que engadir, non habendo aclaracións apróbase por unanimidade.

### **2º.- Comisión Especial de Contas ( 13h )**

#### **2.1.- EXPEDIENTE 2020/X999/000174 PROPOSTA DE ALCALDÍA. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXPEDIENTE MC15TC06-20**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

**“PROPOSTA DE ALCALDIA**


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

 Vista a base 25.A.<sup>a</sup> das de execución do orzamento 2020:

"A.- O complemento de produtividade.

O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, sempre que redunden en mellorar o resultado do mesmo. A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e o desempeño do mesmo e, no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente servizo ou programa municipal. Os procedementos de avaliación están suxeitos aos principios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación.

O Alcalde, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e os criterios fixados a continuación, asignará o complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

**A. Primeira: Especial rendemento**

A avaliación do rendemento ten por obxecto a valoración do cumprimento de obxectivos, así como a implicación e contribución do empregado público na consecución dos mesmos. Relaciónase directamente con:

- Identificación co traballo e os obxectivos marcados na súa unidade organizativa e demostración de interese e colaboración na súa realización
- Execución dos traballos e resolución de problemas con inmediatez, optimizando medios e recursos empregados
- Adecuado emprego do tempo con resultados prácticos cuantificables Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.

**A. Segunda: Actividade e dedicación extraordinaria**

A avaliación da actividade extraordinaria ten por obxecto a valoración dos seguintes aspectos:

- Colaboración. Actitude positiva de colaboración plena coa alcaldía, concellería delegada e/ou superiores xerárquicos; nivel de intensidade, ritmo de traballo ou nivel de calidade do resultado do traballo por encima do esixible no seu posto.
- Actividades extraordinarias. Actitude positiva ante as necesidades de actividades extraordinarias e que se manifesta nun esforzo adicional ante a necesidade de terminar tarefas declaradas urxentes pola alcaldía, concellería delegada e/ou superiores xerárquicos. Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.

**A. Terceira: interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo**

A avaliación do interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo ten por obxecto a valoración da calidade dos traballos efectuados (corrección, rigor, exactitude, boa presentación, etc.) así como a calidade das propostas formuladas en orde a conseguir unha mellor organización do traballo (ordenación de efectivos asignados ao departamento, simplificación de trámites e/ou tarefas, ect.) Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A. *Cuarta: Substitución dun posto de traballo, cando hai nomeamento e asúmense todas as funcións:*

*Cando por diferentes causas prodúzanse substitucións de postos de traballo de superior categoría profesional autorizada, e aprobado mediante Decreto de Alcaldía ou Órgano competente, indemnizarase, a partir do primeiro día, cun Complemento de Productividade na cantidade resultante das diferenzas do complemento de destino e complemento específico do posto de traballo que efectivamente desempeña o funcionario e as do posto para o que foi nomeado con carácter accidental. Así mesmo o cesamento será comunicado polo mesmo procedemento e a mesma xefatura que autorizou dita substitución. No caso particular do desempeño accidental da Tesourería e visto que no anexo de persoal do Orzamento do exercicio 2017 non consta referencia á citada praza, tomaranse en consideración os importes de complemento de destino e específico que figuran no anexo de persoal do Orzamento do exercicio 2015 (último exercicio con reflexo orzamentario da praza de Tesourería)*

A. *Quinta.- Complemento de produtividade por realizar funcións ou tarefas distintas ás asignadas como propias, no caso de substitucións de tarefas de compañeiros (por ausencias ou permisos) ou realización de funcións de prazas vacantes.*

*Na proposta de asignación de funcións doutros postos de traballo, nas que non existe nomeamento de substitución, haberá que determinar que tanto por cento de funcións do posto realízanse, e se é entre varias persoas aplicarase en proporción ás persoas que soportan esa carga de traballo. Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.*

A. *Sexta: Complemento puntual por traballos excepcionais ou extraordinarios.*

*Entendendo como tales aqueles que teñen que ver coas tarefas concretas que non ten asignadas o empregado público, e que a súa realización é esporádica, non permanente en determinados períodos de tempo. Irán vinculados á execución de programas, proxectos ou actuacións específicas propias ou non propias do posto de traballo.*

*Tamén se incluírán os traballos pola xestión, dirección ou coordinación de persoal de plans de emprego ou programas similares de asunción de persoal, nos servizos municipais, conforme á seguinte táboa segundo os traballadores asignados a cada servizo:*

- 1-2 traballadores -----10%
- 3 traballadores -----20%
- 4 traballadores -----30 %
- 5 traballadores -----35 %
- 6 traballadores ----- 40 %
- 7 traballadores ou máis -----45 %

*O referido persoal poderá percibir en concepto de produtividade unha retribución que, no seu conxunto pola acumulación de actuacións, non poderá superar o 45% do nivel de complemento de específico, que teña asignado o posto de traballo que desempeñe.*



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)A. *Sétima: Tramitación.*

*A asignación da produtividade pola alcaldía requirirá unha previa proposta debidamente motivada rubricada polo Alcalde, Concelleiro delegado e/ou superior xerárquico na que se detallará/ n perfectamente a/s actuación/s que, sendo constitutivas dun especial rendemento e/ou dunha actividade e dedicación extraordinaria e/ou dun interese ou iniciativa tal e como se definen na presente base, orixinan o dereito para percibir o complemento de produtividade.*

A. *Oitava:*

*En ningún caso as contías asignadas polo citado complemento durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes aos períodos sucesivos.*

A. *Novena:*

*Todos os meses farase público o Decreto polo que se concedan cantidades por este concepto.*

A. *Décima:*

*En todo caso, as contías globais de produtividade que se perciban polo cumprimento dos criterios previstos no presente documento, non poderán superar as cantidades consignadas nas correspondentes partidas orzamentarias.*

A. *Undécima:*

*Os límites á contía global dos complementos de produtividade serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino. Da devandita cantidade destinarase ata un máximo do 30 por 100 para complemento de Produtividade.*

..."

Vistos os créditos dispoñibles nas aplicacións correspondentes ao económico \*.150.00 (Productividade) os cales resultan insuficientes ata o remate do exercicio 2020:

Pro.	Eco.	de Créditos Retenidos pdtes de utilización
931	15000	2.727,5
920	15000	3.486,34
132	15000	573,09

Visto o anexo de persoal ao orzamento xeral do Concello de Ponteceso para o exercicio 2020 no que constan, entre outras, a seguinte praza vacante :

## "PERSOAL FUNCIONARIO

...

Grupo	Subgrupo	Denominación	Número de dotacións	Situación
-------	----------	--------------	---------------------	-----------



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A	A1	Tesorería FHN	1	Vacante
---	----	---------------	---	---------

...”

A clasificación da citada praza está pendente de tramitación na DXAL polo que non se prevé a cobertura no presente exercicio.

Vistos os créditos dispoñibles nas seguintes aplicacións orzamentarias correspondentes a Gratificacións do persoal funcionario:

Pro.	Eco.	de Créditos Retenidos pdtes de utilización
132	15100	4.675,94
920	15100	2.050,00
931	15100	2.050,00

Vista a necesidade de dotación das aplicacións orzamentarias 2020.132.150.00, 2020.920.150.00 e 2020.931.150.00, por providencia de 11.05.2020 dispuxen o inicio da modificación de créditos expediente número mc15tc06-20 có seguinte detalle:

## 1.- APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO QUE SE INCREMENTAN

Partida orzamentaria	Consignación antes do expediente mc15tc06-20	Aumento que se propón	Total consignación resultante
2020.132.150.00	7.182,41	6.000,00	13.182,41
2020.920.150.00	12.300,00	10.791,04	23.091,04
2020.931.150.00	10.250,00	9.764,90	20.014,90
<b>TOTAL</b>		<b>26.555,94</b>	

## 2.- APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO QUE SE MINORAN

Partida orzamentaria	Consignación antes do expediente mc15tc06-20	Disminución que se propón	Total consignación resultante
2020 934 12000	15.577,23	4.445,00	11.132,23
2020 934 12100	10.374,19	4.445,00	5.929,19
2020 934 12101	17.220,00	4.445,00	12.775,00
2020 934 16000	12.300,00	4.445,00	7.855,00
2020 920 15100	2.050,00	2.050,00	0,00
2020 931 15100	2.050,00	2.050,00	0,00
2020 132 15100	4.675,94	4.675,94	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>26.555,94</b>	

A interventora emitiu informe o 11.05.2020 coas seguintes conclusións:

“Con base en todo o exposto ata o momento neste informe e no que respecta ao cumprimento dos requisitos formais aos que se refiren os artigos 31 e 41 do RD 500/1990 e o artigos 180 e 181 do TRLRFL, se informa favorablemente a modificación de créditos mc15tc06-20 condicionada á



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*aprobación por parte do Pleno do incremento da cuantía global destinada á “Productividade” no exercicio 2019.*

*Nembargantes no que se refire ao fondo do asunto, se informa desfavorablemente a modificación de créditos mc15tc06-20 visto que a consignación resultante no económico \*.150.00 no exercicio 2020 supón un incremento, con respecto á consignación do exercicio 2019, superior ao permitido polo artigo 3.Dos do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro de 2020 polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.”*

Esta alcaldía considera que vista a resolución de alcaldía núm. 452/2018 de 17 de setembro (na que se actualiza a diferenza retributiva a percibir como complemento de produtividade polo tesoureiro accidental), a resolución de alcaldía núm. 265/2019 de 6 de maio (na que se nomea ao responsable de protección de datos e se asignan as outras funcións atribuídas ao posto de Administrativo Xefe da Unidade Administrativa cós dereitos económicos que constan na base 25ª, de execución do Orzamento Municipal A-quinta) así como o especial rendimento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese có que o persoal funcionario do Concello de Ponteceso executa o seu traballo, procede incrementar a cuantía global correspondente á “Productividade” no orzamento 2020.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o incremento na cuantía global correspondente á “Productividade” no orzamento 2020 por un importe de 26.555,94 € có seguinte detalle:

Partida orzamentaria	Aumento que se propón
2020.132.150.00	6.000,00
2020.920.150.00	10.791,04
2020.931.150.00	9.764,90
TOTAL	26.555,94

Sométese a votación o dictámen da proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 PSOE  
Votos en contra: 3 (2 PP E 1 APIN)  
Abstencións: -

Polo que a Comisión Especial de contas ditamina favorablemente:

PRIMEIRO.- Aprobar o incremento na cuantía global correspondente á “Productividade” no orzamento 2020 por un importe de 26.555,94 € có seguinte detalle:

Partida orzamentaria	Aumento que se propón
2020.132.150.00	6.000,00
2020.920.150.00	10.791,04
2020.931.150.00	9.764,90
TOTAL	26.555,94





## **2.2.- EXPEDIENTE 2020/X999/000166 APROBACIÓN INICIAL DA DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Por parte da presidencia expónse a proposta que no seu literal di:

**“EXP: 2020/G006/000005**

**ASUNTO: Derogación da Ordenanza Fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.**

Don Xose Lois García Carballido, alcalde-presidente do Concello de Ponteceso, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Debido á rapidez na evolución da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, a escala nacional e internacional, o Goberno estatal, ao amparo do disposto no artigo catro, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, declarou, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de afrontar a crise sanitaria, o cal foi prorrogado en catro ocasións, ata as 00:00 horas do día 24 de maio de 2020, nos termos expresados na devandita norma.

O artigo 10 do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, recolle as medidas de contención no ámbito de establecementos e locais comerciais, actividades de hostalería e restauración, contemplando o seu apartado 6 unha habilitación ao Ministro de Sanidade para modificar, ampliar ou restrinxir as medidas, lugares, establecementos e actividades enumeradas nos apartados anteriores, por razóns xustificadas de saúde pública, podendo por tanto ampliar esta suspensión a aqueles outros supostos que se consideren necesarios.

No momento actual, España iniciou un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Así, o pasado 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou o Plan para a transición cara a unha nova normalidade que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade. Este proceso articulado en catro fases, fase 0 a fase 3, haberá de ser gradual e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Todas estas medidas supuxeron que sector hosteleiro e da restauración estea a atravesar importantes dificultades económicas, posto que dende a declaración do estado de alarma, todos estes establecementos deberon permanecer pechados e cando se aplique a fase I do Plan para a transición cara unha nova normalidade os negocios de restauración so poderán abrir as terrazas cun nivel de ocupación inicial do 30%, que posteriormente foi ampliado ao 50%.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tendo en conta o informe de secretaría do 8.05.2020

Tendo en conta o informe de intervención do 10.05.2020

Por outra banda, Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, suspensión de prazos administrativos, dispón a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O R.D. 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o apartado o R.D. 463/2020, no apartado catro do seu artigo único modifica disposición adicional terceira, engadindo o apartado 4, o cal establece: "Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.

Por parte desta Alcaldía considérase esencial continuar con este procedemento dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, dado que dende o seu inicio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

Tendo en conta a capacidade de autoorganización das Corporacións Locais, recoñecida polos artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 24.b) do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como a Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21, 22 e 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:**

**PRIMEIRO.-** Declarar esencial a aprobación inicial da derogación desta ordenanza dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, posto que dende o seu inicio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia





**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a derrogación da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa no Concello de Ponteceso, como medida de apoio o sector hosteleiro e de restauración do Concello

TERCEIRO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

Sométese a votación o dictamen da proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 PSOE

Votos en contra: --

Abstencións: 3 (2 PP e 1 APIN)

Polo que a Comisión Especial de Contas ditamina favorablemente:

PRIMEIRO.- Declarar esencial a aprobación inicial da derogación desta ordenanza dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, posto que dende o seu incio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de mayo, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a derrogación da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa no Concello de Ponteceso, como medida de apoio o sector hosteleiro e de restauración do Concello

TERCEIRO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

### **3.- Comisión Informativa de Asuntos Xerais ( 13:32h)**

#### **3.1 EXPEDIENTE 2020/G006/000010 PROPOSTA DE ALCALDÍA. PLAN DE ACCIÓN**



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## **MUNICIPAL PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DA COSTA DA MORTE**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía, que no seu literal di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**EXP: 2020/G006/000010**

### **PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA REACTIVACIÓN ECONÓMICA DA COSTA MORTE**

Don Xose Lois García Carballido, alcalde-presidente do Concello de Ponteceso, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

A crise sanitaria desatada polo coronavirus vai máis alá da urxencia de atender ás persoas enfermas e de frear a pandemia. Ten consecuencias nos hábitos de vida, no valor do fogar, no calendario escolar, na forma de traballar e tamén na actividade económica e no emprego. Provocou alteracións na oferta de produtos e servizos e tamén produciu unha contracción da demanda global. Hai un antes e un despois desta situación e debemos prepararnos para encaixar a nosa sociedade neste novo paradigma.

Por iso, desde as áreas de Desenvolvemento Local dos concellos da Costa da Morte estívoase a desenvolver una pequena análise dos cambios desatados e elaborouse un plan con accións para o curto, o medio e o longo prazo destinado a minimizar os efectos negativos da pandemia, a acortar o prazo de recuperación e a consolidar a sustentabilidade social, económica e medioambiental do territorio tendo en conta a súa identidade e aos deferentes grupos de interese que acolle.

Entre os obxectivos deste traballo fixéronse:

- 1) Coñecer as características socioeconómicas do territorio de referencia.
- 2) Coñecer o impacto da pandemia na sociedade en xeral e na economía en particular.
- 3) Levar a cabo un proceso de participación para as fase de diagnose e de planificación.
- 4) Ofrecer propostas de actuación aos concellos e a outros entes que toman decisións no e sobre o territorio.

Este plan de recuperación comercio presentouse o luns 11 de Maio en Vimianzo.

No espírito de colaboración mutua entre as forzas políticas de Ponteceso, e en alianza coas organizacións empresariais e sindicais.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21, 22 e 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:**



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**PRIMEIRO.-** Aceptar o plan como folia de ruta e marco de referencia, e poñer en marcha cantas máis accións concretas sexan posibles, a proposta dos 3 partidos da Corporación de Ponteceso, previa tramitación dos correspondentes expedientes administrativos que procedan.

**SEGUNDO.-** Avaliar periódicamente, a través das reunións dos órganos de Goberno municipal, a posta en marcha destas medidas. “

Sométese a votación o proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 PSOE

Votos en contra: --

Abstencións: 3 (2 PP E 1 APIN)

Polo que a Comisión Informativa de asuntos do pleno ditamina favorablemente:

**PRIMEIRO.-** Aceptar o plan como folia de ruta e marco de referencia, e poñer en marcha cantas máis accións concretas sexan posibles, a proposta dos 3 partidos da Corporación de Ponteceso, previa tramitación dos correspondentes expedientes administrativos que procedan.

**SEGUNDO.-** Avaliar periódicamente, a través das reunións dos órganos de Goberno municipal, a posta en marcha destas medidas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 13:42 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta que asinan conxuntamente o alcalde e a secretaria.

O Alcalde

A Secretaria

D. Xosé Lois Garcia Carballido

D<sup>a</sup> Antía Pena Dorado